

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA LINGUA E XUVENTUDE E LA OPINIÓN DE A CORUÑA SLU PARA POTENCIAR O USO DO IDIOMA GALEGO

En Santiago de Compostela

### REÚNENSE

**Don José Carlos López Campos**, conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, publicado no DOG núm. 73, do 14 de abril, e polo disposto no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, publicado no DOG núm. 81, do 24 de abril.

**Don Jaime Ignacio Abella Fernández**, con DNI 32785156J, intervén en representación de La Opinión de A Coruña SLU con CIF B35074681, en virtude da escritura de poder notarial de data 15 de febreiro de 2025 do Notario do Colexio de Galicia, don José Manuel González Sáez, baixo o número 204/2024 do seu Protocolo.

### EXPOÑEN

**Un.** Que as dúas partes comparecentes consideran como referente normativo básico da súa actuación o artigo 3.2 da Constitución española sobre a oficialidade das outras linguas españolas nas respectivas comunidades autónomas, e o artigo 5 do Estatuto de autonomía para Galicia, que establece que a lingua propia de Galicia é o galego e que os poderes públicos potenciarán o seu emprego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa.

**Dous.** Que así mesmo, a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (DOG núm. 84, do 14 de xullo de 1983), no seu título IV, e concretamente no artigo 19, establece para o



ámbito dos medios de comunicación o apoio económico e material para aqueles medios que, sen seren de titularidade pública nin sometidos á xestión ou competencia de institucións da Comunidade Autónoma, empreguen o galego dun xeito habitual e progresivo.

**Tres.** Que o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004, establece como obxectivos centrais da área de medios de comunicación a necesidade de incrementar anualmente e de maneira constante o uso do galego nos medios públicos e privados, lograr unha ampla oferta informativa, de temática variada e de calidade e incrementar a presenza do galego na publicidade e tamén, favorecer a súa dinamización no tecido económico para estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos. Entre as actuacións que establece o citado Plan contéplase a realización de actividades de promoción do galego nos medios de comunicación para implicar ás empresas xornalísticas que operan na comunidade autónoma no proceso dinamizador da lingua.

**Catro.** Que dentro destes obxectivos se enmarcan as actividades que para incrementar o uso do galego na sociedade promove La Opinión de A Coruña SLU, unha empresa de comunicación galega comprometida co proceso de normalizar o idioma galego e de garantir un control de calidade lingüística das informacións e contidos publicados ou emitidos en galego. Esta empresa colabora habitualmente coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para estender o uso da lingua galega a través do xornal *La Opinión*, dando así un paso importante cara á normalización do galego na prensa escrita.

**Cinco.** Que *La Opinión de A Coruña* é un dos xornais máis novos na Comunidade Autónoma pois inicia a súa andadura no ano 2000. É un diario de información xeral que conta con edición electrónica e a área de influencia onde conta cun número considerable de lectores é a provincia da Coruña. A EGM, entidade oficial de control de audiencias que elabora as



estadísticas dos medios de comunicación, na última onda do ano 2025 estimou que La Opinión tiña unha audiencia de 20.000 lectores diarios.

**Seis.** Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua, é a titular das competencias definidas en materia de normalización lingüística. Para poder cumprir os obxectivos que prevé a Lei de normalización lingüística e o Plan xeral de normalización da lingua galega, ten en conta a grande repercusión e difusión social que teñen os medios de comunicación como instrumentos moi eficaces para potenciar o uso do galego entre a cidadanía.

**Sete.** Que neste sentido quere colaborar apoiando o labor que levan a cabo os grandes grupos de comunicación galegos de prensa escrita cos que asinará convenios de colaboración atendendo aos criterios establecidos no acordo do Consello da Xunta de 19 de xaneiro de 2006 relativo á subscrición de acordos ou convenios coas empresas titulares de medios de comunicación referidos ao emprego da lingua galega nas páxinas dos seus xornais.

Trátase dunha actuación singular e de interese xeral polo que non resulta posible promover a concorrência en convocatoria pública para as actividades previstas no convenio.

**Oito.** Que as dúas partes, que teñen intereses comúns e coincidentes, manifestan a súa vontade de colaborar no desenvolvemento de actuacións que teñen por finalidade a consecución dun fin de interese xeral, como é o de contribuír á normalización da lingua galega a través dun medio de comunicación tan importante como é a prensa co obxectivo de conseguir aumentar progresivamente a presenza do galego na prensa diaria de Galicia. Polo exposto, ambas as partes acordan asinar un convenio de colaboración para o 2025 que se rexerá polas seguintes:

## ESTIPULACIÓNS



### **Primeira. Obxecto**

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua, e La Opinión de A Coruña SLU, para contribuír á normalización e promoción da lingua galega nos medios de comunicación e conseguir que cada vez sexa maior a implantación do galego nos medios de difusión en todos os ámbitos sociais, normalizando o seu uso a través da prensa escrita e das web dos xornais na súa liña informativa en calquera tipo de noticias, temas de actualidade, crónicas e igualmente nos artigos de opinión.

As partes colaborarán na realización dun programa de actuacións orientadas a potenciar o uso do idioma galego nas páxinas do xornal *La Opinión* que edita diariamente a citada entidade, e lograr unha ampla oferta informativa, de temática variada e de calidade.

### **Segunda. Obrigas de La Opinión**

Como compromisos ás obrigas derivadas da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística e do Plan xeral de normalización da lingua galega (DOG núm. 84, do 14 de xullo de 1983) mediante a sinatura do presente convenio La Opinión comprométese a:

- Cobertura informativa de actuacións periodísticas de divulgación elaboradas polo medio de comunicación que pola súa repercusión social sexa de interese para o seu coñecemento xeral pola sociedade, orientadas a promover e fomentar a lingua galega, favorecendo a súa dinamización en todos os ámbitos sociais e económicos a través do medio impreso e da web do xornal.
- Manter ou reforzar unha páxina web en lingua galega vinculada ao medio impreso que publica. Será actualizada diariamente.
- Transcribir literalmente no xornal as entrevistas e declaracións feitas en galego.
- Transmitir o apoio á lingua galega, dándolles a coñecer aos usuarios a decisión da empresa de utilizar o idioma galego nas notas necrolóxicas como unha opción lingüística.



- Promover que os usuarios das edicións en galego poidan subir ás redes sociais noticias en galego
- Ampliaranse, en relación co ano anterior os contidos no xornal o 17 de maio Día das Letras Galegas e o 25 de xullo Día de Galicia, mediante a elaboración e publicación en lingua galega de reportaxes, entrevistas ou informes de especial importancia para a lingua e a cultura galegas en suplementos especiais ou edicións locais do xornal, relacionados con temas informativos referidos a estas datas de especial relevancia para Galicia que, pola súa repercusión social, sexan de interese para o coñecemento xeral da sociedade galega.
- Publicar en galego as informacións culturais dedicadas aos Premios Folk.

### **Terceira. Modificación do convenio / redistribución de cantidades entre diferentes actividades**

Se posteriormente á sinatura do convenio, e por circunstancias debidamente xustificadas, a entidade quere modificar ou cambiar algunha das accións contempladas no obxecto do convenio, esta modificación ou cambio instrumentarase mediante a correspondente addenda, agás naqueles casos nos que a modificación implique só unha redistribución das cantidades previstas estimativamente, de ser o caso, para cada unha delas segundo a desagregación prevista na memoria xustificativa e económica do convenio que figura no expediente de gasto sen que exista modificación orzamentaria respecto do importe total do convenio nin que implique, de ser o caso, unha redistribución orzamentaria entre diferentes capítulos de gasto.

Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.



As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

#### **Cuarta. Liña editorial**

A fixación da liña editorial e a conseguinte responsabilidade editorial dos contidos publicados correspóndelle ao medio de comunicación, que elaborará con cargo aos medios técnicos e humanos de que dispón toda a información, noticias e publicacións obxecto deste convenio, malia iso, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua poderá formular verbo dos datos e informacións elaboradas as observacións que estime pertinentes co fin de garantir a obxectividade e veracidade destes.

#### **Quinta. Obrigas da Consellería**

A Consellería, a través da Secretaría Xeral da Lingua comprométese a facilitar, cando sexa preciso, o apoio e asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades do presente convenio.

#### **Sexta.- Financiamento**

O orzamento total das actividades previstas no convenio ascende a un total de **16.383,39 €** que será sufragado coa achega de ambas as dúas partes:

- A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua, colaborará na realización desta acción cunha achega máxima de **7.733,94 €** cantidade na que se inclúen todos os impostos legais vixentes, con cargo á partida 13.02.151A.640.5 correspondente aos orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para 2025.
- La Opinión achegará a cantidade restante de **8.649,45€**.



As ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún. No anexo I desagregase a cantidade total do convenio.

#### **Sétima. Dereitos sobre as actuacións divulgativas e os resultados**

O material divulgativo xerado pola realización das actividades obxecto deste convenio será de titularidade e uso común das partes asinantes, sen prexuízo dos dereitos de propiedade intelectual que, de ser o caso, o protexan fronte a terceiros.

As partes asinantes poderán usar o material divulgativo realizado ao abeiro deste convenio para fins de interese público, de xeito gratuito e co consentimento expreso da outra parte. Farán constar, nun lugar destacado, a colaboración da consellería e do medio de prensa e sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprometése a facer mención da outra parte deste convenio.

#### **Oitava. Xustificación e pagamento**

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase telematicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>. Código de procedemento PR004A

La Opinión, percibirá a cantidade que achega a consellería en dous pagamentos, que se efectuarán da seguinte maneira:

- O primeiro, por importe de **3.866,97 €**, cando se teña executado aproximadamente o 50% das actividades previstas no convenio.
- O segundo, por importe da cantidade restante de **3.866,97 €**, ao remate da vixencia do convenio.

Para percibir o primeiro pagamento La Opinión entregará telematicamente a seguinte documentación:



- Certificación na que se acredite e detalle que as actividades foron realizadas de acordo co establecido neste convenio.
- Certificación detallada asinada por persoa responsable da relación de gastos que orixine a execución das actividades previstas neste convenio, xustificadas coas correspondentes facturas. Incluirá a xustificación detallada dos gastos asumidos pola empresa editora para a realización da publicación ou publicacións que correspondan.
- En formato dixital as informacións, reportaxes e/ou artigos publicados.

Para percibir o segundo pagamento La Opinión entregará telematicamente, coa data límite do 15 de novembro de 2025, a seguinte documentación:

- Certificación na que se acredite que as actividades se realizaron de acordo co establecido neste convenio.
- Certificación detallada asinada por persoa responsable da relación de gastos que orixine a execución das actividades previstas neste convenio coas correspondentes facturas. Incluirá a xustificación detallada dos gastos asumidos pola empresa editora para a realización da publicación ou publicacións que correspondan.
- Unha memoria na que se indiquen, polo miúdo e detalladamente, os resultados que se obtiveron co desenvolvemento das actividades establecidas neste convenio
- En formato dixital as informacións, reportaxes e/ou artigos publicados.
- Ficha resumo de execución do convenio (anexo II que se acompaña co texto deste documento), cuberta pola entidade e na que se indicará, de ser o caso, o número de proxectos, accións ou actividades que se realicen ao abeiro deste, as localidades de execución ou realización, así como a porcentaxe de gasto en proxectos, accións ou actividades dirixidas ás franxas de idade infantís ou xuvenís. Tamén indicarán, se procede, o número aproximado de persoas destinatarias ou beneficiarias das accións coa súa correspondente desagregación porcentual por sexos.

No suposto de que a entidade precise contar coa colaboración de medios alleos pola especificidade ou características técnicas das actividades que se desenvolvan ao abeiro do



convenio e por iso, xustifique gastos de persoal, a suma destes gastos non poderán superar o 30% do importe total do convenio.

De non alcanzarse o total do orzamento das actividades, a achega de ambas as dúas partes asinantes deste convenio, verase reducida na mesma proporción.

A entidade utilizará a lingua galega en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

La Opinión facilitará toda a información que lle requira a Consellería, así como a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Antes de proceder á sinatura do presente convenio e para o seu pagamento, La Opinión deberá presentar:

- Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.
- Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Economía e Facenda.
- Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

A sinatura do presente convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

### **Novena. Utilización da lingua galega**



Todas as accións e actividades que se realicen en galego ao abeiro deste convenio deberanse levar a cabo de acordo coas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, segundo se establece na disposición adicional da lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística (DOG núm. 84, do 14 de xullo de 1983). Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10.º da citada lei.

#### **Décima. Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno**

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15 de febreiro de 2016), co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE núm. 295, do 10 de decembro de 2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149, do 3 de agosto de 2006).

Así mesmo, coa sinatura deste convenio as partes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen no mesmo e máis o resto das especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

#### **Décimo primeira. Vixencia**

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2025. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desistencia dalgunha ou por denuncia do mesmo por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, previa audiencia da outra parte e con polo menos, un mes de antelación.

#### **Décimo segunda. Comisión de Seguimento**



Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio crearase unha comisión de seguimento paritaria, constituída por dous representantes da Secretaría Xeral da Lingua nomeados polo seu titular e dous representantes de La Opinión.

Esta comisión, que estará presidida por un dos representantes da Secretaría Xeral da Lingua, coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

#### **Décimo terceira. Responsabilidade das actuacións**

O asinamento do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e maila Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha -nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria- polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

#### **Décimo cuarta. Causas de resolución**

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver o convenio a Consellería pode, se é o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas.

#### **Décimo quinta. Avaliación de resultados**

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, poderá avaliar a realización das actividades contempladas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua.

#### **Décimo sexta. Notificación electrónica**



Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015), os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia [Notific@](mailto:Notific@xunta.gal), <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

### **Décimo sétima. Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais**

As partes asinantes comprométese a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dos dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectarase cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE núm. 294, do 6 de decembro de 2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.



Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

#### **Décimo oitava. Administración dixital**

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG núm. 141, do 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

#### **Décimo novena. Normativa aplicable e xurisdición**

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015). Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE núm. 272, de 9 de novembro de 2017) segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.



A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

En proba de conformidade, asínase este convenio.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O conselleiro de Cultura, Lingua e  
Xuventude

O apoderado de La Opinión de A Coruña

José Carlos López Campos

Jaime Ignacio Abella Fernández



**ANEXO I**
**ORZAMENTO DESAGREGADO DAS ACTIVIDADES DO CONVENIO POR ACCIÓNS E LIÑAS DE GASTO  
CADRO DO IMPORTE TOTAL DO PROXECTO**

Liñas de acción/ actividades do convenio	Importe
<b>1. Cobertura informativa das accións da Secretaría Xeral de Medios</b>	
a) Persoal encargado de coordinación	297,88€
b) Persoal encargado de cobertura informativa e audiovisual	595,76€
c) Custos de produción (papel, impresión, distribución, etc...)	1.340,46€
d) Custos de produción edición dixital e mantemento	446,82€
e) Colaboracións	297,88€
f) Custos indirectos	297,88€
<b>TOTAL PARCIAL</b>	<b>3.276,68€</b>
<b>2. Evento premios Folk</b>	
Desagregación de liñas de gasto	Importe
a) Persoal encargado de coordinación	670,23€
b) Persoal encargado de cobertura informativa e audiovisual	670,23€
c) Custos de produción (papel, impresión, distribución, etc...)	893,64€
d) Custos de produción edición dixital e mantemento	670,23€
e) Colaboracións	1.563,87€
f) Custos indirectos	446,82€
<b>TOTAL PARCIAL</b>	<b>4915,02€</b>
<b>3. Accións divulgativas especiais Día das Letras Galegas e Día de Galicia</b>	
Desagregación de liñas de gasto	Importe
a) Persoal encargado de coordinación	223,41€
b) Persoal encargado de cobertura informativa e audiovisual	335,11€
c) Custos de produción (papel, impresión, distribución, etc...)	1.340,46€
d) Custos de produción edición dixital e mantemento	223,41€
e) Colaboracións	111,70€
f) Custos indirectos	223,41€
<b>TOTAL PARCIAL</b>	<b>2.457,50€</b>
<b>4. Divulgación e elaboración de actuación para o fomento da normalización da lingua galega</b>	
Desagregación de liñas de gasto	Importe



a) Persoal encargado de coordinación	260,64
b) Persoal encargado de cobertura informativa e audiovisual	593,83
c) Custos de produción (papel, impresión, distribución, etc...)	3.664,03
d) Custos de produción edición dixital e mantemento	521,29
e) Colaboracións	173,11
f) Custos indirectos	521,29
<b>TOTAL PARCIAL</b>	<b>5.734,19</b>
<b>TOTAL CONVENIO</b>	<b>16.383,39</b>



**ANEXO II**

(Para cubrir pola entidade)

**FICHA RESUMO DA EXECUCIÓN DO CONVENIO**

Convenio/Título:

Entidade:

<b>N.º proxectos, accións e actividades</b>	<b>Localidades</b>	<b>N.º de persoas destinatarias, beneficiarias</b>	<b>Homes (%)</b>	<b>Mulleres (%)</b>
<b>TOTAL</b>				

